

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAIORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES E TRANSFORMADORES DE PRODUTOS DA PESCA E ACUICULTURA (CONXEMAR) PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS CONXELADOS DA PESCA NOS ANOS 2024 E 2025.

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de conselleiro do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, de conformidade co decreto 79/2023 do 22 de xuño polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 210/2022 de 01 de decembro.

E doutra, don Eloy García Alvariza, con DNI n.º 35.301.404-S en representación da Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR), coas facultades recoñecidas nos seus estatutos como presidente da mesma.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

Que a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR), asociación representativa, sen ánimo de lucro, da práctica totalidade do sector da transformación e comercialización dos produtos pesqueiros conxelados, conta entre os seus fins a realización de todas aquelas accións encamiñadas á promoción dos produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Sendo a única asociación do sector do conxelado, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrencia competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) están interesados na potenciación do sector da transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, cómpre establecer as condicións que permitan

a coordinación de accións de promoción da Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR).

Que no marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización, correspondentes a un plan de promoción de produtos da pesca conxelada, o impulso do Congreso internacional de Transformación e comercialización de produtos do mar e a Feira de produtos conxelados Conxemar.

CUARTO:

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan a de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

No programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" que contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 mediante a "Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas", apoiar accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, a apertura de novos mercados e a consolidación dos xa existentes. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a

organización e participación en feiras, congresos, eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución no mercado, así como proxectos de comunicación e promoción co obxecto de avaliar e planificar campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca, a acuicultura e a cadea ou busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) Nº 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, o porcentaxe de cofinanciación polo FEMPA é do 70 %.

QUINTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector da comercialización de produtos da pesca conxelada e das industrias relacionadas en

materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos transformados.

SEXTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) para a coordinación de accións de promoción e mellora da comercialización dos produtos conxelados da pesca nos anos 2024 e 2025.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen no ano 2024:

1. Plan de promoción de XII Congreso Internacional CONXEMAR-FAO 2024

Mediante esta tarefa, CONXEMAR aspira a poñer en valor o XII Congreso Internacional Conxemar-FAO 2024 de Responsabilidade para o futuro na que se avaliarán os factores a ter en conta para aplicar na cadea de valor dos produtos do mar e incidir na súa promoción. O congreso será un foro referente das temáticas relacionadas coa alimentación e o peixe conxelado. O congreso constitúe en si mesmo un punto de encontro de profesionais do sector que serve como plataforma para desenvolver accións de comunicación que contribúen a promover e fornecer a imaxe e prestixio dos produtos da transformación.

2. Organización e promoción nacional e internacional da Feira de produtos conxelados CONXEMAR 2024

Esta acción consistirá na promoción da principal feira de produtos do mar conxelados Conxemar 2024, que este ano acada a súa 25ª edición erixíndose como o escenario perfecto da promoción dos produtos que promove. Realizaranse accións de promoción de consumo de produtos do mar conxelados no marco deste evento. Desenvolverase tamén un plan de comunicación para ampliar o coñecemento sobre o obxectivo deste importantísimo foro de encontro.

3. Plan de Comunicación para promover o desenvolvemento do sector e o consumo de produtos do mar conxelados

O obxectivo da presente acción ten como fin poñer en valor o consumo de produtos do mar conxelados a nivel nacional e internacional, mediante un plan de actuación específico que teña unha continuidade anual permanente. Utilizaranse todas as canles de difusión posibles para a promoción de produtos do mar: desde medios convencionais (escritos e audiovisuais) a novas plataformas dixitais facendo fincapé nun plan integral de promoción a través de RRSS.

4. Elaboración dun plan de traballo para a difusión dos produtos do mar transformados da man dunha figura de renome e proxección nacional.

Seleccionarase a unha figura de corte nacional que actúe como promotora e embaixadora dos produtos do mar e que promova o seu consumo e mailas súas bondades. Establecerase un plan de traballo e un calendario de accións de promoción ao longo de todo o ano 2024 coa creación de contido específico e a realización de eventos de divulgación.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto no ano 2025 son as seguintes:

1. Plan de promoción de XIII Congreso Internacional Conxemar: Coordinación, xestión do Congreso, desenvolvemento do plan de Comunicación, estratexia, creatividade e plan de contidos. Equipamento técnico e humano e gastos relacionados con invitados e poñentes internacionais (estancias e traslados).

2. Organización e promoción nacional e internacional da Feira de produtos conxelados CONXEMAR 2025: desenvolvemento do plan de acción, estratexia, creatividade e plan de contidos para o desenvolvemento de eventos. Equipamento e persoal técnico para o desenvolvemento do plan.

3. Plan de comunicación para promover o consumo de produtos do mar conxelados: elaboración e execución dun plan de medios multicanal (medios convencionais e dixitais) específico para o desenvolvemento de actuacións de promoción. Adaptación das mensaxes ás distintas plataformas.

Creación de contido específico e a realización de eventos de divulgación.

SEGUNDA.- CONDICIÓNES ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade máxima de seiscentos cinco mil euros (605.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 15.02.723B.640.0, coas seguintes anualidades:

Anualidade	Aplicación	Código proxecto	Importe
2024	15.02.723B.640.0	2023 00197 S	302.500,00 €
2025	15.02.723B.640.0	2023 00197 S	302.500,00 €

A tramitación do expediente é ordinaria e existe dotación de crédito orzamentario para atender ás obrigas económicas que se deriven deste convenio, con cargo á partida orzamentaria 15.02.723B.640.0, c.p. 2023 00197S, aplicación cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura– FEMPA, dentro da medida

de Mellora da Comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras e no Programa Operativo do FEMPA para España para o período 2021- 2027.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) contribuirá cun máximo de seiscientos cinco mil euros (605.000,00 €), aportación na que se poderá asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizárase de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060 pola que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que da execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberán asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente se incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula quinta emita outro ditame que estableza outro reparto, de maior ou inferior porcentaxe para cada unha das partes, tendo en conta as xustificacións que se presenten ao respecto.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) son financiábles, nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta

participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos. Para o ano 2024 a data límite de xustificación do convenio será 15 de decembro de 2024, e para a anualidade 2025, a data límite de xustificación do convenio será 30 de novembro de 2025.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

A modificación do réxime de reparto do financiamento das operacións obxecto deste convenio deberán formalizarse mediante o acordo da comisión de seguimento e unha addenda ao presente convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS

A Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo

Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio; así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangue todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais; deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos as facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

Para os efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e pola responsable de Promoción da Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR). A dita comisión,

que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen dende a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

Será necesario que durante a execución das diferentes actividades a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que de o seu visto e praxe antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura e ata o 30 de novembro de 2025, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio as legalmente previstas, o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do expediente é ordinaria e existe dotación de crédito orzamentario para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación, con cargo á partida orzamentaria 15.02.723B.640.0, c.p. 2023 00197S.

De conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno galego, o convenio deberá ser sometido á aprobación do Consello da Xunta.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA.- RÉXIME DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser modificado por vontade das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación, a condición de que se formalice antes da finalización do prazo de vixencia do mesmo. En todo caso, as modificacións pactadas incorporaranse como addenda ao presente convenio e tramitaranse sempre de acordo con o establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normas de aplicación.

DÉCIMA PRIMEIRA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Pola Asociación Española de Mayoristas,
Importadores, Exportadores e
Transformadores de Produtos da Pesca e
Acuicultura (CONXEMAR)

O conselleiro do Mar

O Presidente

Alfonso Villares Bermúdez

Eloy García Alvariza

Anexo A

**CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E O SEU ORZAMENTO GLOBAL ANO
2024**

ACCIÓNS	APORTACIÓN CONXEMAR	APORTA- CIÓN CON- SELLERÍA DO MAR	TOTAL (IVE IN- CLUIDO)
ACCIÓN1 : Plan de promoción de XII Congreso Internacional Conxemar-FAO: Coordinación, xestión do Congreso, desenvolvemento do plan de Comunicación, estratexia, creatividade e plan de contidos. Equipamento técnico e humano e gastos relacionados con invitados e poñentes internacionais (estancias e traslados).	90.750 €	90.750 €	181.500€
ACCIÓN 2: Organización e promoción nacional e internacional da Feira de produtos conxelados CONXEMAR 2024: desenvolvemento do plan de acción, estratexia, creatividade e plan de contidos para o desenvolvemento de eventos. Equipamento e persoal técnico para o desenvolvemento do plan.	72.600 €	72.600 €	145.200€
ACCIÓN 3: Plan de comunicación para promover o consumo de produtos do mar conxelados: elaboración e execución dun plan de medios multicanal (medios convencionais e dixitais) específico para o desenvolvemento de actuacións de promoción. Adaptación das mensaxes ás distintas plataformas.	60.500 €	60.500 €	121.000 €
ACCIÓN 4: Difusión dos produtos do mar transformados a través dunha figura de renome e proxección nacional: plan de traballo que inclúa a selección dunha figura de corte nacional que actúe como promotora e embaixadora dos produtos do Plan de traballo e calendario de accións de promoción. Creación de contido específico e a realización de eventos de divulgación.	78.650 €	78.650 €	157.300 €
Total	302.500 €	302.500 €	605.000 €

**CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E O SEU ORZAMENTO GLOBAL ANO
2025**

ACCIÓNS	APORTACIÓN CONXEMAR	APORTACIÓN CONSELLERÍA DO MAR	TOTAL (IVE INCLUIDO)
ACCIÓN1 : Plan de promoción de XIII Congreso Internacional Conxemar: Coordinación, xestión do Congreso, desenvolvemento do plan de Comunicación, estratexia, creatividade e plan de contidos. Equipamento técnico e humano e gastos relacionados con invitados e poñentes internacionais (estancias e traslados).	91.000 €	91.000 €	182.000€
ACCIÓN 2: Organización e promoción nacional e internacional da Feira de produtos conxelados CONXEMAR 2025: desenvolvemento do plan de acción, estratexia, creatividade e plan de contidos para o desenvolvemento de eventos. Equipamento e persoal técnico para o desenvolvemento do plan.	72.600 €	72.600 €	145.200€
ACCIÓN 3: Plan de comunicación para promover o consumo de produtos do mar conxelados: elaboración e execución dun plan de medios multicanal (medios convencionais e dixitais) específico para o desenvolvemento de actuacións de promoción. Adaptación das mensaxes ás distintas plataformas. Creación de contido específico e a realización de eventos de divulgación.	138.900 €	138.900 €	277.800 €
Total	302.500 €	302.500 €	605.000 €